

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Xeografía mítica

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Antioquía (1)*

Foto: O que queda da Lagoa de Antela

*"Dos pobos da parróquia é iste (Cardeita) o que s'alcontra máis cerca da Veiga e por eso teñen feito os vellos do pobo unhas escavaciós en busca d'aberes; pois dise que antigamente había n'a Veiga unha ciudá (Antioquía) que tuvo Dios que castigala porque vindo por' o mundo pidindo unha limosna non alcontrou máis que unha familia que lla dira, que foi a que se salvou do alago mandada sair por Dios sin que volveran a cabeza pr'atrás; pero un da familia desacatou a orden do Noso Señor entonces volveuse pedra. Pero cando a xente iba co gando pr'a Veiga íballes verrecar ond'a pedra, que despóis foi recollida por' o convento de Trandeiras. Os de Cardeita alcontraron n' esas escavaciós unha trabe, un pote vello, un pozo co n escaleiras e non sei si outras cousas. Os autuales non dan razón de tales alcontros, sólo dín "contaban os vellos".*

SANTANA, Urbano; Resume xeneral de folk-lore de Sandiás, Revista Nós, xuño-setembro, 1931

[Texto remitido por [Xavier Feixoo](#)

, de Sandiás (Ourense)]

## NOTA

A lagoa de Antela foi un dos humedais de maior extensión da Península Ibérica, con sete quilómetros de longo e seis quilómetros de ancho, aínda que dependendo da época do ano, variaban estas dimensións, así como a súa profundidade que rondaba, de media, os 0,60 metros e nalgúns "pozos" chegaba ata os tres metros.



## COMENTARIOS ENVIADOS

A lenda conta que fai moitos anos no lugar que hoxe ocupa esta lagoa houbo unha cidade chamada Antioquía, coñecida porque os seus veciños carecían de calquera mostra de caridade.

A lenda narra que Deus quixo castigalos pero Xesús propuxo redimir ós máis xustos baixando á cidade en forma de mendigo. Percorreu así tódalas casas pedindo esmola sen que ninguén se apiadase del. Xa de volta, aflixido, e mentres estaba cruzando unha carballeira, viu unha casa habitada por unha muller anciá á que tamén lle pediu esmola. A muller ofreceulle unha cunca de leite e un anaco de pan e tamén abeiro para pasa-la noite.

Á mañá seguinte Xesús amosoulle á anciá o que fora da cidade de Antioquía. A muller quedou sorprendida ó ver que a cidade desaparecera e que no seu lugar había unha lagoa. Ninguén se salvara, agás ela...

E din que nas mañanciñas de San Xoán, co primeiro raio de sol, aínda se pode ver no fondo o campanario da igrexa. E na Noiteboa, ás doce en punto, óese o canto dos galos....eso din

Enviado por Deianir o 08/05/2008 ás 21:12:53